



MODIFICACIÓN das NOF “ Criterios de promoción “

Novo artigo 54. Promoción na ESO LOMLOE

1.Promocionará o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

2.Tamén promocionará cando o equipo docente considere que se dan todas as condicións seguintes:

- a natureza das materias non superadas lle permiten seguir con éxito o curso seguinte (ao ser materias que non teñen continuidade, opcionais ou con temario diferente)

Cada departamento determinará materia e nivel en esas condicións. Dita información recollerase en acta e comunicarse a Dirección.

- que ten expectativas favorables de recuperación

(Analizárase o traballo desenvolvido e o interese mostrado ao longo do curso. Debendo darse como mínimo unha das situacións seguintes:

- ter entregado todas as tarefas e feitas todas as probas.
- ter nas materias suspensas unha cualificación igual ou superior a 3)

- que dita promoción favorece a súa evolución académica (Entenderase que é favorable si a promoción con materias pendentes non supón un incremento na carga de traballo igual ou superior ao 50%).

O análise deste punto farase sumando as horas semanas das materias suspensas.

- a media aritmética das cualificacións obtidas en tódalas materias da súa matrícula sexa igual ou superior a cinco.

Novo artigo 55. Promoción no BACHARELATO LOMLOE

No primeiro curso acadarán a promoción cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para efectos deste apartado, computaranse as materias que como mínimo o alumnado ten que cursar de cada un dos bloques. E no bloque de materias de libre configuración autonómica só computara a Lingua Galega e Literatura, con independencia de que o alumnado poda cursar máis materias de devandito bloque.

No segundo curso deberá matricularse das materias non superadas.

MODIFICACIÓNS das NOF “ Criterios de titulación e matrícula de honra “

Novo artigo Artigo 56: Titulación na ESO LOMCE e matrícula de honra

1. Ao finalizar cuarto da ESO, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá de xeito colexiado sobre a súa titulación. O título será único e expedirase sen cualificación.

2. Condicións para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria:

A) O/A alumno/a obterá o Título cando supere todas as materias ou ámbitos cursados.

B) No caso de non ter superadas todas as materias, o equipo docente decidirá a obtención do título sempre que se cumpran as tres condicións seguintes:

- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquiriu todas as competencias establecidas (*ter todas as competencias básicas superadas*).

- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanza os obxectivos da etapa (*ter todos os obxectivos de etapa superados*).

Para valorar isto último, deberá cumprirse que o/a alumno/a teña amosado interese nas materias non superadas (fixera todas as tarefas, se presentara a tódalas probas ou teña nela/s unha nota igual ou superior a 3) pois caso contrario, considerarase que os obxectivos A), B) e G) non se acadaron.

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en tódalas materias nas que está matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

3. O alumnado que, despois da avaliación final de cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. O número de mencións será, como máximo, o enteiro máis próximo ao 5 % do total do alumnado matriculado no centro en cuarto curso e cos criterios seguintes:

Maior media en cuarto

Maior media na etapa

Maior número de sobresaíntes

Esta mención será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou alumno **NOVO**

artigo 57: Titulación no BACHARELATO LOMLOE e matrícula de honra

1. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e a nota media obtida.

2. Condicións para obter o título de bacharel:

A) O/A alumno/a obterá o título si ten avaliación positiva en todas as materias cursadas nos dous cursos de Bacharelato

B) Na convocatoria extraordinaria, o equipo docente decidirá a obtención do título, por un alumno ou alumna cunha materia non superada, sempre que se cumpran as catro condicións seguintes:

- Superou os obxectivos e competencias vinculadas ao título.
- Que non houbera falta de asistencia continuada e non xustificada.
- Realizou e se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as extraordinarias.
- A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias de etapa cursada sexa igual ou superior a cinco, para o cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

3. O alumnado que, despois da avaliación final de segundo de bacharelato, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. O número de mencións será, como máximo, o enteiro máis próximo ao 5 % do total do alumnado matriculado en segundo de bacharelato e cos criterios seguintes:

- Maior media en segundo
- Maior media na etapa
- Maior número de sobresaíntes

Esta mención será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou alumno